

Cóñece ó noso equipo: CARLOS HERVÉS, Coordinador de ECOBAS

O profesor Carlos Hervés é catedrático de Análise Matemática na Universidade de Vigo dende o ano 1989 e desempeña as súas actividades docentes e investigadoras na Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias.

Tras licenciarse con Premio Extraordinario, realizou estudos de doutoramento na Universidade de Nancy (1977-1978) e se doutorou en 1979, de novo con Premio Extraordinario, na Universidade de Santiago de Compostela, realizando posteriormente estadias posdoutorais en Trinity College e University College (Dublín, 1979-1980) e Harvard (1989). No ano 1990 incorporouse ó Departamento de Economía da Universidade Carlos III de Madrid, do cal foi director entre 1993 e 1995. En 1996 reincorporouse á Universidade de Vigo, onde ten desempeñado varios cargos académicos coma Director de Departamento e Delegado do Reitor na Comisión Interuniversitaria de Galicia.



É autor de máis de cincuenta artigos en revistas de difusión internacional e ten dirixidas oito teses doutorais en economía, xurdindo de todas elas publicacións JCR. Ademais, ten participado en tribunais de teses en universidades nacionais e internacionais coma Paris I Panthéon-Sorbonne, Oporto, Bielefeld, Federico II de Nápoles e Manchester. É editor asociado das revistas *Economic Theory*, *Journal of Mathematical Economics*, *Economic Theory Bulletin* e *Journal of Dynamics and Games*, e é fellow da *Society for the Advancement of Economic Theory* (SAET) e membro de honra da *Sociedad Española de Economía*.



Celebrada en A Toxa a Reunión Anual do Foro Económico de Galicia

A plataforma dirixida por Santiago Lago reuniu os días 5 e 6 de maio en A Toxa a importantes empresarios e expertos en economía. Coma resultado dos debates e investigacións presentadas, a organización propuxo unha serie de recomendacións para a negociación do novo modelo de financiamento autonómico.



Preséntase a primeira tese dentro do novo Programa de Doutoramento Interuniversitario de Análise Económica e Estratexia Empresarial

O 13 de maio tivo lugar na FCETOU de Ourense a lectura da primeira tese do novo programa de doutoramento. A encargada de inaugurar esta etapa foi Elena Shakina co traballo "*Companies investment strategie for intangibles*", dirixido por Ángel A. Barajas.



O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reúne cos coordinadores das catro agrupacións estratéxicas do SUG

O pasado 31 de maio déronse cita na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os coordinadores das catro agrupacións estratéxicas creadas en 2015, entre eles o catedrático Carlos Hervés, coordinador de ECOBAS.



Preséntase a terceira edición do Pont Up Store

A comezos do pasado mes de xuño tivo lugar en Pontevedra o acto de presentación do Pont Up Store 2016. Ó acto acudiron os principais patrocinadores do evento, entre os que se atopa ECOBAS, así coma o Reitor da Universidade de Vigo e o Alcalde do Concello de Pontevedra.

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

Fundación Biodiversidad – Axudas para actividades de biodiversidade terrestre, mariña e litoral

· Obxectivo: realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre e biodiversidade mariña e litoral relacionadas directamente cos fins da *Fundación Biodiversidad* previstos nos seus Estatutos

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 15 de xullo

IAEF-FEF – Premios de Investigación e Estudos Antonio Dionis Soler

· Obxectivo: premiar traballos dos campos de coñecemento dos mercados e intermediarios financeiros, do aforro das familias ou outros aspectos relacionados coas finanzas.

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 15 de xullo.

MINECO – Accións de dinamización "Redes de Excelencia" 2016

· Obxectivo: potenciar a creación e desenvolvemento de redes de investigación de excelencia que poidan planificar futuras actividades conxuntas.

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 13 de xullo (prazo interno UVigo: cinco días antes do peche da convocatoria)

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Accións Marie Skłodowska-Curie: IF e COFUND (Comisión Europea)

· Obxectivo: dotar ós investigadores de novas cualificacións, ampliar as súas competencias e ofrecerlles condicións de traballo atractivas

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 14 de setembro (IF) e o 29 de setembro (COFUND)

Programa COST de Cooperación Europea en Ciencia e Tecnoloxía

· Obxectivo: Constitución de redes europeas de coordinación da investigación científica e técnica

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 1 de decembro

ERC Advanced Grants

· Obxectivo: financiar investigadores principais cunha carreira de excelencia

· Prazo de presentación de solicitudes: ata o 1 de setembro

EVENTOS DE INTERESE:

22-24 de Setembro: **Pont Up Store 2016** (Pontevedra)